

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN INSTITUTO FEIRAL DE VIGO (IFEVI)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O SECRETARIO XERAL PARA O DEPORTE DA VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES,

DECLARA:

Que esta VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES- SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE formalizou coa FUNDACIÓN INSTITUTO FEIRAL DE VIGO (IFEVI) os instrumentos convencionais referidos por un período de vixencia que abrangue dende o 2 de marzo de 2023 ao 31 de decembro de 2024.

Data sinatura	Descrición	Importe total
01/03/2023	Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e A Fundación Instituto Feiral de Vigo (IFEVI) para regular o réxime de coordinación da programación das actividades deportivas e feirais e as actividades de mantemento, conservación e funcionamento do módulo de atletismo instalado no pavillón nº 5 do IFEVI	200.000,00 €

Que os instrumentos convencionais teñen por obxecto *establecer as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, e os concellos relacionados para a execución das obras neles sinaladas.*

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que os instrumentos convencionais que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

I.- A Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 27.22, sinala a competencia da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción do deporte.

O Decreto 117/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, atribúe á Secretaría Xeral para o Deporte as competencias da comunidade autónoma en materia de deportes.

A Fundación Instituto Feiral de Vigo (IFEVI), fundación de interese galego ao amparo da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de réxime das fundacións de interese galego, constituíuse no 1998 con vocación de servizo aos sectores profesionais e sociais da Eurorexión, converténdose nun centro activo de sinerxías profesionais e sempre na procura de novos sectores de negocio e de ámbitos de actuacións nos que ofertar os seus servizos e espazos.



A Fundación Instituto Feiral de Vigo ten como obxecto a consecución de fins xerais de interese galego no ámbito sectorial ao que a súa denominación e fins se contraen, sendo unha das súas finalidades primordiais a realización de actividades de promoción. A tal fin ven desenvolvendo no recinto feiral que xestiona actuacións que se concretan, fundamentalmente, en feiras, certames, exposicións e eventos de carácter cultural e deportivo que demandan amplos espazos nas instalacións nas que desenvolver as actividades.

Na actualidade, o IFEVI está a desenvolver un proceso de ampliación da súa superficie e instalacións, que se concretou en actuacións de ampliación dos pavillóns existentes cos novos pavillóns 4 e 5, dunha superficie de ocupación cada un deles de 5.000 m² aproximadamente, o que lle permite continuar ampliando a súa oferta multidisciplinar de negocio e de lecer, oferta entre a que se encontra tamén a de carácter deportivo.

II. As entidades asinantes deste convenio son conscientes de que o incremento e mellora das condicións que esixe a práctica deportiva reclama unha mellor dotación de infraestruturas, de forma que permitan dar satisfacción á crecente demanda social existente na materia.

A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, no exercicio das súas competencias e funcións, ten previsto na súa planificación de mellora das infraestruturas e dos equipamentos deportivos da Comunidade Autónoma de Galicia, actuacións que permitan a construción ou mellora de instalacións deportivas básicas ou daquelas que presenten un maior interese deportivo. Neste sentido é de interese da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, a colaboración coas administracións locais para o fomento do deporte no ámbito municipal.

A necesidade de levar a cabo esta actuación, ven determinada pola mellora da oferta e dotación públicas de instalacións e equipamentos deportivos que é unha das prioridades da Xunta de Galicia, coincidente tamén co servizo do interese público que procura o IFEVI. Esta oferta deportiva supón ademais continuar avanzando na ampliación dos servizos prestados polo IFEVI, en liña co xa implementado noutros institutos feirais como é o caso da Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense e a súa pista de atletismo hidráulica cuberta.

A ubicación dun módulo de atletismo cuberto na cidade de Vigo é unha necesidade que ven sendo reclamada polo tecido deportivo da modalidade deportiva do atletismo e das súas respectivas especialidades deportivas na súa área metropolitana dende hai tempo.

A concreta ubicación deste módulo nas instalacións do IFEVI responde a criterios de optimización dos recursos existentes e de redución do gasto, toda vez que suporá unha instalación deportiva cuberta sen necesidade de afrontar un novo pavillón que a comprenda, e mellorando as actuais instalacións do IFEVI, que verá ampliada a súa funcionalidade, ao sumar aos feirais os usos deportivos.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

José Ramón Lete Lasa
Secretario Xeral para o Deporte

